

COVID-19

A close-up photograph of a blue stethoscope with silver metal components, resting on a light-colored wooden surface. The stethoscope is positioned diagonally, with the chest piece in the foreground and the earpieces extending towards the top left. The background is softly blurred, emphasizing the stethoscope.

**Protocolo de actuación
da Universidade de Vigo
ante a activación da alerta
sanitaria polo COVID-19
(SARS-CoV-2)**

Actualización: 10/03/2020

*Este protocolo está en revisión permanente en función
da evolución e da nova información dispoñible*

1. OBXECTIVO

1.1 Este protocolo recolle as diversas actuacións que a Universidade de Vigo previu e adoptou ante a activación da alerta sanitaria polo COVID-19 (SARS-CoV-2).

1.2 Este protocolo está en revisión permanente en función da evolución e da nova información dispoñible da enfermidade e das instrucións que se reciban das autoridades competentes.

2. ÓRGANOS COMPETENTES

2.1 O reitor da Universidade de Vigo é o único órgano da institución académica competente para acordar a aplicación das medidas contidas neste protocolo, en función das instrucións recibidas das autoridades sanitarias (Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e Ministerio de Sanidade) e doutras autoridades competentes.

2.2 Constitúese o grupo de seguimento COVID-19 para asistir o reitor na adopción e no seguimento das medidas contidas neste protocolo. Este comité está integrado por:

- Vicerreitor de Planificación e Sustentabilidade, presidente
- Director de Infraestruturas e Prevención de Riscos Laborais, secretario
- Xerenta
- Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais
- Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación
- Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado
- Vicerreitor do Campus de Pontevedra
- Vicerreitora do Campus de Ourense
- Directora da Oficina de Relacións Internacionais
- Director técnico de Obras
- Director de Administración
- Director de Servizos Informáticos
- Director da Área de Sustentabilidade
- Catedrática de Inmunoloxía (médica) e presidenta da Sociedade Española de Inmunoloxía
- Catedrático de Endocrinoloxía (médico)
- Técnico do Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Médico do Servizo de Vixilancia da Saúde da Universidade de Vigo

Convidaranse ás reunións os cargos e o persoal que se considere conveniente en función dos asuntos que se deban tratar.

2.3 O reitor da Universidade de Vigo, ou a persoa que designe en cada caso, será o interlocutor/a da Universidade de Vigo no que atinxe as actuacións derivadas deste protocolo, tanto no ámbito interno (cos membros da comunidade universitaria e os órganos de goberno) coma externo (cos medios de comunicación).

3. PRINCIPIOS

A universidade adoptará as medidas que as autoridades competentes recomenden en cada caso, de acordo cos seguintes principios e previsións:

- Seguiranse sempre as indicacións das autoridades sanitarias e das autoridades e o persoal de emerxencias.
- A adopción e a aplicación das medidas farase conforme o principio de proporcionalidade e de máximo respecto ás persoas, e prevalecerá o principio de prevención.
- Procurarase non xerar alarma e proporcionar información precisa, uniforme e transparente mediante un apartado especial na web da Universidade de Vigo que estará permanentemente actualizado:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/orientacions-verbo-actual-brote-enfermidade-coronavirus-covid-19>

4. ACTUACIÓNS NO CASO DE DETECCIÓN DALGÚN CASO DE COVID-19 (SARS-CoV-2) EN MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

4.1 Como enfermidade de declaración obrigatoria que é o COVID-19, calquera persoa que presente síntomas ou sospeite que poida estar infectada, deberá seguir os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia e avisar as autoridades sanitarias chamando ao 061 ou ao 900 400 116. Deberá, ademais, absterse de asistir á Universidade de Vigo mentres as autoridades sanitarias non o autoricen.

4.2 Os membros da comunidade universitaria que dean positivo nesta enfermidade ou que estean afectado por medidas de confinamento e/ou corentena, comunicaranllo á universidade de forma inmediata, sempre que lles sexa posible, a través dun correo electrónico a sprl@uvigo.gal.

4.3 Se un membro da comunidade universitaria presenta síntomas durante a súa estancia na universidade, deberá comunicarllo á dirección do centro, que llo notificarán a sprl@uvigo.gal e porán o caso en mans das autoridades sanitarias chamando ao 061 ou ao 900 400 116.

4.4 No caso de que se presente na Unidade de Vixilancia na Saúde do Servizo de Prevención da Universidade de Vigo (edificio Filomena Dato, As Lagoas, Marcosende, 36300 Vigo) algunha persoa da que se sospeite que está infectada polo virus SARS-CoV-2 (enfermidade COVID-19), seguiranse os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias e comunicaráselle ao Sergas.

4.5 No caso de que estudantes, PAS ou PDI que estean a facer unha estancia de mobilidade na Universidade de Vigo resulten infectados polo virus SARS-CoV-2 (enfermidade COVID-19), adicionalmente ás actuacións que as autoridades sanitarias lles prescriban, a Oficina de Relacións Internacionais da UVigo comunicarllo á universidade ou á institución de orixe e prestaralles o apoio adecuado ás persoas afectadas.

4.6 Calquera comunicación de datos persoais resultante do proceso de xestión de alertas xestionarase conforme as disposicións legalmente aplicables e comunicaráselle á delegada de protección de datos da UVigo por correo electrónico a dpd@uvigo.gal.

5. MEDIDAS ADOPTADAS MENTRES SE MANTEÑA A ALERTA SANITARIA

Mentres se manteña activada a alerta sanitaria polo COVID-19 (SARS-CoV-2), aplicaranse as seguintes medidas:

5.1 Desprazamentos do persoal vinculado á UVigo

5.1.1 Seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e/ou do Goberno, e mentres dure a alerta sanitaria, non se autorizará ningunha viaxe ás zonas de risco. As citadas zonas de risco son as identificadas polo ministerio e recollidas na seguinte ligazón:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/areas.htm>

<https://www.sergas.gal/saude-publica/Novo-coronavirus-nCoV-Vixilancia-control-Galicia>

A dirección de departamento ou a persoa responsable da autorización deberá consultar previamente a listaxe de zonas de risco antes de conceder calquera petición de desprazamento dos membros do seu departamento. Só poderá autorizar os desprazamentos que non se realicen a zonas de risco.

5.1.2 O persoal que estea desprazado en zonas de risco e non estea afectado por medidas de confinamento ou corentena deberá seguir as recomendacións das autoridades sanitarias e das institucións de acollida. A Universidade de Vigo facilitaralle o apoio requirido en cada caso. Deberá dirixirse á Xerencia mediante un correo electrónico a xerencia@uvigo.gal.

5.1.3 O persoal será responsable de obter as autorizacións administrativas necesarias para todo o seu desprazamento, así como de facer as comunicacións oportunas.

- Os directores/as de departamento ou os responsables de autorizar os desprazamentos procurarán que o seu persoal docente e investigador tramite oportunamente as comunicacións de todos os seus desprazamentos e manterán actualizada a relación de todos os desprazamentos autorizados comunicándolles á dirección ou ao decanato do centro ao que o PDI pertenza e á Xerencia mediante un correo electrónico a xerencia@uvigo.gal.
- As persoas responsables das administracións de centro e das xefaturas de servizo serán as responsables de tramitar e de manter actualizada a relación do persoal de administración e servizos que se despraza. Comunicaranlle os desprazamentos á Xerencia a través dun correo a xerencia@uvigo.es.

5.2 Acollida e recepción das persoas alleas á Universidade de Vigo

Seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e/ou do Goberno, e mentres dure a alerta sanitaria, non se autorizará a invitación e a recepción de persoas que pretendan visitar a Universidade de Vigo provenientes de zonas de risco.

5.3 Actividades programadas nos centros

Para poder actuar adecuadamente no caso de que se decreten medidas de suspensión de actividades ou de peche das instalacións, mentres estea activada a alerta sanitaria polo COVID-19, deberán poñerse en coñecemento das direccións e dos decanatos de centro todas as actividades extraacadémicas programadas para os vindeiros dous meses. Os centros comunicaranlle á Xerencia (xerencia@uvigo.gal) a relación das devanditas actividades.

5.4 Outras medidas

Seguindo as indicacións e as recomendacións das autoridades competentes, o reitor adoptará as medidas que sexan necesarias, as cales se publicarán no Portal de Transparencia e se comunicarán na web da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo implantará as medidas necesarias para garantir a avaliación de todo o estudiantado que participa nos programas de mobilidade e de intercambio.

6. REVISIÓN

Este protocolo está en revisión permanente en función da evolución e da nova información dispoñible. As modificacións publicaranse na web da Universidade de Vigo.

7. PUBLICACIÓN DESTE PROTOCOLO

Este protocolo, do que se informará o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, publícase na web da Universidade de Vigo e manterase en vigor mentres estea activada a alerta sanitaria polo COVID-19 (SARS-CoV-2).

REFERENCIAS

Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social

- <https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>

Servizo Galego de Saúde (Sergas)

- <https://www.sergas.gal/saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>
- <https://www.sergas.gal/saude-publica/Novo-coronavirus-nCoV-Vixilancia-control-Galicia>

Universidade de Vigo

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/orientacions-verbo-actual-brote-enfermidade-coronavirus-covid-19>